

Noticia de Xosé Trapero Pardo

Manuel María

Xosé Trapero Pardo naceu o 28 de setembro de 1900 en Castro Ribeiras de Lea - a Feira de Castro como se coñece popularmente - pertencente á parroquia de Duarría no concello de Castro de Rei, en plena Terra Chá luguesa coa que se sentiu toda a súa vida identificado.

Seu pai era nativo dun pobo da provincia de Segovia. Veu a Galicia como empregado ferroviario. Rematou casándose cunha galega, establecéndose como reloxeiro en Castro Ribeiras de Lea, onde fundou unha familia. A casa na que exerceu o seu oficio, na que naceu entre outros, o seu fillo Xosé, era conocida como "a do Reloxero". Está situada no centro do pobo.

Xosé Trapero Pardo, despois de estudar o ensino primario no seu lugar de nacemento, ingresou no Seminario de Santa Catalina de Mondo edo, sendo alumno aventaxado e recibindo unha sólida formación humanística. Os seus profesores quixeron enviálo a Roma para ampliar estudos e completar a súa formación. Permaneceu trece anos no Seminario anque a carreira eclesiástica era de doce. O ano a maiores debeuse, según él mesmo ten dito, para non darlle un disgusto pola súa falla de vocación, ó vello obispo Solís, un asturiano que faleceu case centenario e que sentía un grande afecto polo seminarista Trapero Pardo. O número trece está cheo de simbolismo. Significa morte e nacemento, reanudación de algo despois dun remate. Neste caso concreto supuxo a continuación da vida de acotío - Trapero sempre foi un católico fiel e practicante, sen dogmatismos, cheo de tolerancia e comprensión e lonxe de toda falsa beatería - despois da "morte", valla a expresión, do seu fracasado intento de

vida sacerdotal.

Xa secularizado quedou a vivir en Mondoñedo desempeñando funcións en diversas institucións ligadas ó bispado e impartindo clases particulares. Álvaro Cunqueiro foi alumno seu. Ó mesmo tempo fundou e dirixiu a revista *Vallibria* - Val de Brea, o primitivo nome de Mondoñedo - na que se iniciaron escritores tan importantes como Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé Díaz Jácome, entre outros, contando tamén coa colaboración do Cronista Oficial da cidade, o ben barbado don Eduardo Lence-Santar e Guitián, Noriega Varela e outros mais novos como Dionisio Gamallo Fierros ou José Ramón Santeiro, o fino e malogrado poeta mindoniense.

En Mondoñedo casou con María Mourelle, dunha conocida e prestixiosa familia da localidade. O matrimonio non tivo fillos.

No ano 1925, na imprenta luguesa de Gerardo Castro, deu a luz un poema épico, *El Mariscal Don Pedro Pardo de Cela* gracias ó mecenado de Manuel Ledo Bermúdez "O Pallarego", popularísimo barbeiro e músico mindoniense, con industria aberta perto da Fonte Vella de Álvaro Cunqueiro, e que financiou tamén os primeiros libros de Aquilino Iglesia Alvariño e de Cunqueiro.

En 1926 publicaría un novo volume de versos, desta vez satíricos, *Lóstregos e moxenas*, con composición en galego e castelán, boa mostra da vea humorística que caracteriza boa parte da obra de Trapero Pardo. O libro editouse en Mondo edo na imprenta de *Acción Social*, revista da que foi redactor-

xefe e director dos semanarios *Justicia e Renovación*.

A comenzo dos anos trinta, Trapero Pardo trasladou a súa residencia a Lugo para formar parte da redacción do xornal católico *La Voz de la Verdad* do que chegou a ser director. Este xornal deixou de publicarse ó comenzo da guerra "incivil" ou como di admirado amigo Borobó, "pluscuamperfecta" de 1936. Nesas datas Trapero pasou a traballar como redactor do xornal *El Progreso* onde sería, ó correr do tempo redactor-xefe, subdirector e director ata a súa xubilación. Durante anos foi rexente da imprenta *La Voz de la Verdad* onde, polas maíns, se celebraba unha tertulia á que acudían historiadores como don Francisco Vázquez Saco, Rector do Seminario, o coengo don Antonio García Conde e o Director do Museo Provincial don Manuel Vázquez Seijas, popularmente coecido como "Manoliño dos Coios".

Dende a súa chegada a Lugo, Trapero tomou parte moi activa na vida cultural da cidade converténdose nunha persoa moi popular e querida. Impulsou a "Comisión de Monumentos de Lugo" e a "Asociación de Amigos de los Castillos" realizando un importante labor ó seu fronte como a organización de múltiples excursións de tipo cultural por toda Europa.

En Lugo quedou viúvo. Con tal motivo sufriu unha profunda crise e mesmo cavilou en ordenarse sacerdote. Anos máis tarde casaría de novo coa profesora uruguaia Delia Caetano, persoa de gran cultura e simpatía. O matrimonio, que non tivo fillos, viaxaba a Uruguay, de onde remitiu a *El Progreso* interesantes e amenas crónicas.

Trapero Pardo identificouse totalmente con Lugo e chegou a ser o Cronista Oficial da cidade, Medalla de ouro do concello lugués, Director do Museo Provincial e da revista *Lucus* da Deputación Provincial, ou do semanario *El Heraldo de Vivero*. Sempre tratou cun cariño especial todo o que se refería a Terra Chá ou a Mondoñedo.

O seu labor como xornalista e animador cultural foi inmenso e incansable. No xornalismo fixo de todo: entrevistas, crónicas de viaxe, recensións de libros, reseñas de concertos musicais, crítica de arte e mesmo de fútbol. Ás veces empregou, entre outros, o seudónimo de "Trapacero". Levou á prensa temas históricos como a sección que mantivo en *El Progreso* titulada "Papel viejo" que non podía ser máis amena e interesante. O seu estilo literario era claro e dunha grande eficacia comunicativa. Sabía facerse entender dun xeito perfecto. Nos seus traballos literarios e xornalísticos, en ocasións, privaba un fino e inxenioso humor.

Trapero Pardo, utilizando o seudónimo de "Trapacero", acadou unha enorme popularidade en Lugo, na súa provincia e aínda en toda Galiza co personaxe "Pelúdez" que, anque non foi invento ou creación súa, nembargantes a él se lle debe a súa configuración. Trátase dun paisano galego observador, malicioso e socarrón que acudía puntualmente ás feiras e festas de San Froilán e algúns anos ás do Corpus. "Pelúdez", con frases de dobre sen-

tido e segundas intencións ía criticando canto ollaba e observaba. A súa amable crítica mesmo ultrapasa a temática local e municipal. Compre ter en conta que nos anos do franquismo era moi difícil o poder sortear a censura oficial que ollaba mosquitos en Londres dende a luguesa muralla romana. "Trapacero" ou Trapero Pardo, o mesmo ten, ó longo dos anos foi completando o personaxe ó que lle creou unha familia: a muller,



Filomena, que se expresaba nun castrapo moi pintoresco, de grande interés para realizar un estudo lingüístico e sociolóxico, e o fillo de ambos, Peludeciño, un rapaz moi normal en perfecta sintonía cos tempos actuais.

No ano 1943 o coro lugués "Frores das Silveiras" estreou a zarzuela de Trapero *Non chores Sabeli a* con música - moi fermosa e lograda - de Gustavo Freire. Foi unha das primeiras pezas teatrais galegas -se non a primeira - representada publicamente na posguerra. Trátase dunha sinxela historia de amor cun desenlace feliz. A

obra, como escribiu o autor, "...quere ser educativa: a de facer recolleita de modismos e palabras empregadas en terras de Lugo e na Chaira luguesa, pra que xiros e xeitos de decir - nos que é ben doado atopar a raíz latina - non se perdan no correr do tempo, como se nos perderon moitas manifestacións do noso folklore". Temos noticia dos xoguets cómicos da súa autoría, que supo emos inéditos, *Parrafeos na fonte*, e *Coser e cantar*, ambos estrenados en Castro de Rei e *Nas caldas*.

Xosé Trapero Pardo, viúvo do seu segundo matrimonio, faleceu en Lugo o 10 de outubro de 1995. O seu enterro constituiu unha multitudinaria manifestación de pesar. Os funerais celebráronse na catedral luguesa. Os seus restos repousan no cemeterio de Duarría, nun nicho cedido polo concello de Castro de Rei do que era Fillo Predilecto e ó que lle legou tódolos dereitos da súa obra literaria.

Xosé Trapero Pardo foi membro numerario da Real Academia Galega na que ingresou cun discurso encol da obra poética de Antonio Noriega Varela. Era correspondente da Real Academia de Bellas Artes de San Fernando e vocal de varios patronatos, formando parte do Consello de Cultura da Deputación de Lugo. Ó longo da súa vida recibiu importantes premios literarios.

A obra de Trapero Pardo é importante en calidade e cantidade. Ademais das súas colaboracións xornalísticas e radiofónicas dei-

xou, espalladas por distintas publicacións, unha serie de monografías de investigación histórica e artística de gran interese. Agardamos e desexamos que se reedite a súa obra literaria esgotada dende fai anos e se publique, en volumes, o seu labor de xornalista e investigador.

Os libros da autoría de Trapero Pardo - e non pretendemos ser exhaustivos - son:

Lóstregos e Moxenas, 1926
El Mariscal Don Pedro Pardo de Cela, 1925
Non chores Sabeliña, 1943
Santuario de Los Remedios. Mondoñedo, 1946
Pintura Mural [de Galicia], 1965
100 años de vida local, 1969
Lugo y poblaciones próxi-

mas, 1978

Lugo, antiguas fortalezas, 1980.

Ademais fixo a edición e prólogo da obra de Leiras Pulpeiro, editada pola Real Academia Galega en 1983, baixo o título de *Vida e Obra de Leiras Pulpeiro*. Recolleu en folleto algún dos seus escritos referidos a "Pelúdez" do que destaca o publicado no ano 1948 titulado ...*E Pelúdez dixo*.

A PELÚDEZ

por MANUEL MARÍA

Meu querido PELÚDEZ, vello amigo,
luguesa flor de onte e de lameiro,
freixo frondoso, nobre castiñeiro,
mistura de bon millo e de pantrigo

O teu lúcido instinto é o puxigo
que dá luz ó teu vivir tristeiro:
un marmurio calado de regueiro
e unha humilde forteza de caxigo.

Home sufrido, alerta e cismador:
sabes que caíches na fochanca,
na trampa que che puxo o cazador.

Pra defenderte usas da retranca:
disimulo reposo e sorridor
que pese a non ferir ó mellor manca!

1984.